

MERECE CASTELAO ESTAR NOS PRINCIPAIS NOMES DA NOSA ARTE E LITERATURA?

É un creador xenial, autor dunha obra poderosa que o sitúan no cumio da nosa historia literaria e plástica e coa que conectaba co pobo. É moi difícil atopar unha figura tan ampla, tan xenerosa e tan potente na cultura mundial. Á xenialidade da súa obra artística súmase a brillantez da obra literaria con títulos maxistras como Cousas, o rigor e das súas investigacións con traballos que abriron camiños como os das cruces de pedra e a solidez dos seus ensaios como o Sempre en Galiza. Este recoñecemento do seu talento non pode ser utilizado para desactivar o seu pensamento político. De feito, el mesmo alertou desa posíbel manipulación que utilizaba a súa arte para ocultar o seu perfil ideolóxico.

QUE RELEVANCIA TEN A FIGURA DE CASTELAO PARA O BNG?

Castelao morreu en 1950 e o BNG fundouse 32 anos despois, en 1982, co seu ideario como o facho para avanzar e o punto do que partir. O seu pensamento é fundamental para o noso proxecto político e ideolóxico. Mais xa a reorganización do nacionalismo galego nos anos sesenta tivo unha guía clara que foi o seu maxisterio e o seu libro Sempre en Galiza. Compartía o movemento nacionalista naquela altura, e tamén agora, o vínculo coas loitas pola liberación nacional en todo o mundo, a necesidade de crear organizacións propias e a urxencia de ampliar as bases até construír un gran movemento de masas, o mesmo obxectivo que animaba o Partido Galeguista de Castelao e Bóveda. "Quen pode, pois, salvar a Galiza? Galiza mesma", dixo, e nós seguimos mantendo a mesma idea. Partillamos con el tamén que "o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en realidade, as ideas en feitos" e por iso traballamos por un proxecto transformador para este país que mellore a vida das persoas e nos permita decidir o noso propio futuro.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo 15703 Santiago de Compostela GALIZA
Correo: sedenacional@bng.gal Teléfono: 981555850

75 ANOS SEMPRE PRESENTE



CASTELAO NACIONALISTA GALEGO

Máis información
e axenda en
bng.gal/tags/castelao



ERA CASTELAO NACIONALISTA?

Sen dúbida ningunha. Castelao era un patriota galego. Galiza é o centro da súa obra e a súa vida e toda a súa traxectoria xira arredor da nación e a liberdade. Deixou escrito en numerosas ocasións que Galiza era unha nación e, polo tanto, suxeito de dereitos políticos. En consecuencia, o pobo galego tiña dereito a decidir o seu destino en liberdade. "Galiza, como Catalunya e Euskadi é unha nación e non recoñecerlle o dereito de autodeterminación -incluso para vivir con absoluta independencia- será sempre un acto tiránico e antiliberal", escribiu. Púxose da parte das loitas de liberación nacional que agromaban no mundo e de costas á orde internacional que impoñen as grandes potencias colonizadoras. Castelao era un antiimperialista que afirmaba que "o federalismo internacional soamente pode realizarse sobre das ruínas dos Estados imperialistas e coa previa abolición do sistema capitalista actual".

COMO CADRA ESA TRAXECTORIA ARTÍSTICA CUNHA OBRA TAN AMPLA E DIVERSA COA DO MILITANTE E DIRIXENTE POLÍTICO?

Só se explica pola grandiosidade de Castelao e o seu amor e compromiso con Galiza. Temos a fortuna de contar cunha figura única, irrepetíbel, un orgullo para nós. Non só é un xenio creativo senón tamén un activista polos nosos dereitos como nación e un home bo, leal e honesto. Mais, como dixo a súa compañeira de vida, Virxinia Pereira, todo o que el facía era "esencialmente política", o legado extraordinario dun nacionalista que quería, como el mesmo dicía "trocar os anxeios en realidades, as ideas en feitos". Explicou con claridade a comunión entre a súa obra, o seu compromiso e o seu pensamento: "Eu non cultivo xamais a arte pola arte. (...) Debuxei sempre en galego, escribín sempre en galego e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra, non restaría nada dela"

EN QUE OBRAS PODO ACHEGARME AO PENSAMENTO POLÍTICO DE CASTELAO?

En toda a súa obra mais, claramente, no Sempre en Galiza un ensaio fundamental para o nacionalismo galego. Alí atoparás os fundamentos ideolóxicos que constrúen o nacionalismo actual como o dereito de autodeterminación, a xustiza social, o antiimperialismo, a democracia, a defensa da cultura e a lingua galega. A súa lectura é a mellor maneira de conmemorar este aniversario. Mais o seu pensamento está tamén no álbum Nós, nos cadriños dos volumes de Cousas da Vida, no discurso Alba de Gloria, nos relatos de Cousas, nos álbums Galiza mártir, Atila en Galiza ou Milicianos en que renuncia a represión fascista e, en xeral, en toda a súa obra.

POR QUE O BNG REIVINDICA O RECOÑECIMENTO OFICIAL DE CASTELAO COMO PRIMEIRO PRESIDENTE DE GALIZA?

Porque é de xustiza que así sexa. Castelao creou e presidiu o Consello de Galiza, o goberno do exilio que se constituíu o 15 de novembro de 1944. A dez mil quilómetros de distancia botaba a andar un goberno para o noso país, para unha Galiza que padecía a represión franquista mais que el soñaba cun futuro de seu, libre e democrática. Ese primeiro goberno galego era a expresión clara da defensa da nosa soberanía, cunha declaración fundacional que recoñece os dereitos plenos para as nacións e a vontade de existir mesmo cando todo se pon á contra. Trátase dun goberno legalmente constituído fronte á ilegalidade do golpe militar que se impuxo en 1936 e, polo tanto, é necesario restituír a súa condición de presidente no proceso de recuperación da memoria histórica que defendemos. Demandamos o seu recoñecemento oficial e que nos centros de ensino as novas xeracións saiban que o primeiro presidente deste país, por dereito propio, foi un nacionalista.